

PRÓLOGO

O IV Ciclo de Conferencias de Xénero, Actividade Física e Deporte tivo lugar, no curso académico 2012-13, na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física. Recibiu o apoio económico da Oficina de Cursos e Congresos (OCC) da Vicerreitoría de Estudantes, Deporte e Cultura e tamén da Oficina de Igualdade de Xénero (OIX) da Universidade da Coruña.

Nesta edición, como noutras, convidouse a unha persoa que traballara a saúde desde a perspectiva do xénero; foi o caso de Sandra Fernández Carrera, especialista en exercicio físico e fibromialxia, que nos presentou a experiencia cun grupo de mulleres afectadas na cidade de A Coruña. Sandra foi alumna das primeiras promocións da Facultade, despois de traballar na Fundación FEDYS; na actualidade está a fronte dun centro de entrenamiento persoal. A súa presentación, ademais de interesar aos asistentes polos exitosos resultados obtidos, foi especialmente emotiva pola súa capacidade de conectar co público e pola enerxía que transmite a súa personalidade. Con profesionais coma ela o exercicio físico é terapéutico, pero moito máis terapéutica é a súa presenza.

Rodrigo Vázquez Pardal, licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte e deportista de Ximnasia Rítmica, foi convidado para explicar as dificultades que teñen os homes que deciden practicar deportes etiquetados como femininos, como é o seu caso. A súa experiencia persoal e traxectoria deportiva servíronnos para entender as barreiras existentes desde as federacións, así como as propias que existen no entorno deportivo. As fotografías das súas exhibicións deportivas permitíronnos romper prexuízos e estereotipos sobre as dificultades dos homes para traballar a flexibilidade. Quedou demostrado que a execución dos homes tamén pode dar espectáculo. A súa intervención foi un exemplo da loita persoal por tentar superar as situacións de discriminación no día a día.

Roi Morales Caneiro presentou unha síntese do seu Traballo de Fin de Grado, elaborado baixo a supervisión da profesora Marta Bobo Arce, que consistiu no deseño dun proxecto de intervención no ensino secundario a partir da Guía PAFIC para a promoción da actividade física nas xoves. Continuamos pois coa idea de apoiar e premiar a realización de TFG con perspectiva de xénero, dado que se pagan as conferencias a través das axudas económicas recibidas.

José Palacios e María Castillo, profesores da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, reflexionaron sobre a idoneidade da muller como socorrista e o socorrismo desde o punto de vista do xénero. Este tema é polémico dentro do ámbito pois se escoita con relativa frecuencia que para exercer esta profesión son mellores os homes por seren máis fortes. Ademais

aportaron datos que, aínda que sorprendentes, non fan máis que demostrar a presenza do xénero en todos os ámbitos da vida e da morte: o afogamento é masculino, a taxa de homes case dobra á das mulleres; en idades temperás os casos son semellantes, pero a medida que aumenta a idade aparecen diferenzas significativas.

Finalmente, preséntase un texto da profesora María José Mosquera, da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, que complementa a experiencia de Rodrigo Vázquez Pardal e aporta un marco teórico para explicar a práctica deportiva de homes e mulleres. O obxectivo é reflexionar sobre a veracidade dunha frase que aínda se escoita con demasiada frecuencia: “as mulleres non fan deporte porque non queren”. E a esta cuestión se engade unha pregunta: e os homes practican o deporte que queren? En definitiva, explícanse os conceptos propios da cultura de xénero: sexo, xénero, rol, estereotipo, estatus, medios de pertenza e de referencia etc, para a través deles entender por qué a practica de homes e mulleres ten que ser, necesariamente, diferente.

Chegados ao IV Ciclo de conferencias remata a miña etapa de oito anos de xestión vencellada ao Vicedecanato de Estudantes e Extensión Universitaria. Quero agradecer a colaboración de todas as persoas participantes neste proxecto, que foron moitas e investiron moito tempo; as institucións que o fixeron posible co seu financiamento, e tamén o imprescindible traballo de Fernando González, responsable do Servizo de Publicacións da UDC.

Como dicíamos noutras ocasión, isto é unha carreira de fondo, non de velocidade. E neste caso ademais é unha carreira de relevos; polo tanto paso o testigo coa satisfacción de ter organizado catro ciclos de conferencias e as súas respectivas publicacións e de ter axudado a visibilizar as situacións de discriminación no deporte por motivos de xénero.

María José Mosquera González

Vicedecana de Estudantes e Extensión Universitaria

Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

Universidade da Coruña